

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ALLARIZ
Edificio	Igrexa de San Trocado
Dirección	Lugar de Magarelos, 49. 32665
	42.179167 -7.844684
Protección	
Descrición	<p>Templo parroquial de planta en forma de cruz latina e unha única nave levantada en perpiaño de boa calidade na tipoloxía de opus quadratum. De interior sombrío e humilde, o seu exterior revélase absolutamente nu e carente de calquera caste de decoración ou artificio arquitectónico que obstaculice a limpa concepción do monumento.</p> <p>Como é norma, os únicos exercicios de retórica arquitectónica concéntranse na fachada a través de dous piares angulares de fuste liso e capitel temperado onde só os aleiros e cimacios destacan en volume sobre o lenzo mural.</p> <p>O elemento máis destacable da fachada é sen dúbida o campanario de planta cuadrangular e catro ocos que preside en altura o templo. Erguida con pilastras de fuste refundido que flanquean aos arcos de medio punto de contorno acaixonado e centro en falsas claves, a torre de campás amósase enmarcada na súa base superior e inferior por senllas cornixas voadas elegantemente molduradas que son mostra do mellor oficio canteiro e proxectista. Remata a torre unha cupuliña sobre un pequeno ciborio pentagonal complementado exteriormente con pináculos angulares de escasa altura e volume.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	25-04-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Maior.	BLANCO LEMOS, ANTONIO	1960ca	60	125

Información completa: [Igrexa de San Trocado - ALLARIZ \(GALICIA\)](#)

